

ENTREVISTA

ANTONIO PEREIRA, ESCRITOR

Sostén Pereira

José Miguel Giráldez

Dibujo: J. L. Estévez

Antonio Pereira (Villafranca del Bierzo, 1923) acaba de sacar á luz unha selección persoal dos seus relatos. Con tal motivo, o escritor leonés (pero, como apura a sinalar tamén galaico-berciano) repasa para este periódico as súas vivencias literarias máis notables. As súas relacións con Galicia (Pedrayo, C. E. Ferreiro, Manuel María, e outros moitos), a súa amizade e o seu cariño polo mal chamado grupo de León (Mateo Díez, Merino, Llamazares, Aparicio, Gamoneda...), os seus anos próximos á poesía social de Espadaña (Crémer, González de Lama, Eugenio de Nora). Sen esquece-la revista Alba, aquel logro do poeta González Alegre. Pero Pereira fala tamén das súas paixón literarias, aprendidas no territorio máxico de Villafranca. E, por qué non, quizais tamén reveladas por algunha tarde de conversación con Borges na rúa Florida de Bos Aires.

Antonio Pereira está afeito ó trafego, a pesar do seu natural pacífico e do seu amor pola sesta diaria. Leva uns días de furia co seu libro novo (Me gusta contar, editado por El taller de Mario Muchnik), uns días de entrevistas aquí e alá, pero el di: "Un non é tan famoso como para que os seus libros saian adiante sen que o seu pai Hes bote unha man" .

Pero non é certo. Antonio Pereira é un escritor coñecido e admirado. Gañou premios como o Fastenrath e o Torrente Ballester (Las ciudades del Poniente, Anaya& Mario Muchnik), por non citar outros moitos. E seguro que a cousa non quedará aí. Produce sen parar. Metodicamente, desde logo, porque Pereira é ordenado e metódico. Ten todo coidadosamente apuntado; ata garda a correspondencia co aloumiño dos escritores antigos, os que aínda Hes conceden importancia ás cartas na idade dos e-mail. Indagando, descubro que intercambiou cartas con Vicente Aleixandre, con Dámaso Alonso ou con Camilo José Cela. Pero tamén con Ramón Piñeiro, con Ramón Otero Pedrayo ou con Celso Emilio. E é que Pereira está

atravesado por toda a literatura do século, de arriba a abaixo, como un raio.



Antonio Pereira tamén dedica os libros moi meticulosamente. "Ó compañeiro Giráldez. Basta", ponme no último, como concedéndose un respiro. É unha letra redonda e acabada, unha caligrafía coidadosa, a mesma das súas notas corrente cálamo. Antonio Pereira aínda ere na presenza física das palabras, na súa corporeidade da tinta e papel, no acto máxico de escribir aman. Despois de tantas páxinas dá gusto velo anota-lo máis trivial con tanto celo, coma se en cada liña He fose un mundo, coma se non quixese traizoar ese arcano sagrado que sen dúbida é a caligrafía.

-Vostede é coñecido sobre todo polos seus contos. O mesmísimo Julio Llamazares dixo de vostede que "é o mellor narrador oral e autor de relatos breves deste país, posiblemente". Agora Muchnik publica esta recompilación súa, cunha cinta promocional que o abraza e que di: "O conto é Pereira". É para sentirse satisfeito, ¿non ere?

-Sí, claro. Moitísimo. Seguramente ámbalas dúas cousas son moi esaxeradas, pero eu agradézolle moito as dúas.

-Me gusta contar é unha selección, unha recompilación...

-Si, é máis ben unha selección persoal. Eu paseime un pouco da raia escribindo contos, recoñezo o, así que facer unha recompilación de todos suporía compoñer dous volumes, letra pequena... Cousas que non me gustan. Así que optamos por facer unha selección ampla. Hai 67 relatos, que son moitos: tanto de varias páxinas como dunha decena de liñas.

-É verdade. Lembrou algún dos seus relatos brevísimos...

-Gústame, si. Son como poemas. Anque, ben, ningún tan breve como aquel de Augusto Monterroso, que dicía "Espertou e o dinosauro aínda estaba alí" . Era así, ¿non?

-Si, creo que era así.

-É que hai unha tendencia, sobre todo na literatura americana, cara ó microrrelato, cara ó relato curto-curto. O meu relato Picassos en el desván, que é máis ben un declaración de intencións, sacárono en Alemaña nunha colección así.

-¿Fixo vostede esta selección de contos como o que se levanta de súpeto e mira cara atrás; como o que se detén e fai un alto pracenteiro no camiño?

-Si. É un deterse e un mirar cara atrás. Pero só un anaco: porque eu miro sobre todo para adiante

Está claro que o relato é o seu territorio favorito.

-Éo porque se axusta non só á miña maneira de escribir senón tamén á miña maneira de vivir. Eu viaxo moito, sempre o fixen; así que un relato o podo escribir sen ter que interrompelo. Pero non quero que me encadren: eu escribín moita poesía. Todos empezamos un pouco pola poesía. E, a verdade, teño novelas, como El país de los Losadas, que ten moito que ver con Courel de Uxío Novoneira. Xa estou desexando que se reedite .

-Xalle escribiu Aleixandre nunha das súas cartas: "De ningún modo é vostede inferior narrador a poeta". A súa correspondencia, por certo, é abafantemente interesante.

-Déixame que che conte unha anécdota. Meu pai, que era un ferreiro modesto da zona da Fonsagrada, tiña un grande amor pola literatura; e ensináballe esas cartas de Aleixandre, e doutros, e el animábame. Pero dicía: "E Pemán, ¿no che escribe Pemán? E eu dicía ' 'Non, Pemán non'. E fíxate, agora penso o doado que sería darlle gusto ó meu escribíndolle eu a Pemán, que de seguro, me había contestar coa súa habitual cortesía. Pero xa é demasiado tarde. O meu pai morreu. E Pemán tamén.

-Parece que vostede mantivo unha correspondencia moi activa con Ramón Otero Pedrayo.

-Si, foi unha correspondencia preciosa. Pedrayo foi para min un descubrimento. Coñecémonos nun acto literario no Bierzo, e lembro que alí conversamos amplamente. E quedamos moi amigos. Logo escribíame cartas preciosas: como eu teño poemas ó ferro e á ferraxería, el falábame de Ourense e da súa praza do Ferro, dos mercados nos que se vendían os fondos de zoco, fabricados en Santiago. Pedrayo escribíame cartas longas, apertadas, con letra miúda, que conservo coma un tesouro.

-E tamén se carteceu con Ramón Piñeiro.

-Si, claro. Conservo cartas súas escritas en castelán; pero tamén en galego. Eu é que tiven unha gran relación coa cultura galega. E non só hai anos, non. Tamén agora. Aí tedes a Manuel María, un poeta excepcional e amigo meu.

-Pregúntome qué terá Villafranca para dar tantos homes da cultura.

-Algo ten, algo ten. E dígoo obxectivamente. Villafranca ten un microclima, é un val sombrizo coa vida detida e moi pracenteira. E alí está a tradición da Colexiata fundada polo vicerrei de Nápoles, Pedro de Toledo, da que saíu unha especie de canteira local. De alí é o escritor Ramón Carnicer, que acaba de publicar dous libros xuntos, e por suposto o compositor Cristóbal Halfter. De Villafranca é, por exemplo, o espléndido poeta galaico-berciano Ramón González Alegre, que fundou a revista Alba.



-E vostede tamén naceu alí Nese lugar mítico, fronteirizo. Ten que marcar ser un home de fronteira. Tal vez por iso, a pesar de ser un nómada e un viaxeiro, vostede sempre volve ó sitio, ó lugar. Sempre regresa. É coma se alí se encontrara xa escrito o universo enteiro.

-Ben, eu, xurdín á literatura nun espacio mítico que hoxe é para min un espacio sagrado. A ese lugar débolle todo, pero sen fanatismos. Sen paletismos localistas ..

-Vostede ademais estivo moi marcado por aquel mestre seu, Manuel Santín, que incluso escribía novelas, e que lle pedía que lle botase ó correo artigos que mandaba de vez en cando a El Ideal Gallego.

-Si, si, así foi.

-Ata que chega a viaxe iniciática a León, unha cidade na que nunca estivera.

-Non, en realidade non estivera en ningunha. E como é natural descúbroma paseniñamente, con entusiasmo. Eu cheguei a examíname no Instituto Padre Isla, porque suprimiran aquel ano o de Ponferrada. Puxéronos un exercicio sobre a catedral de León e lembro que o empecei dicindo: "A intrépida locomotora asubiu". Nesas catro palabras está o meu xuramento e a miña promesa de ser escritor.

-E daquela mergullouse nun León que, para ser unha cidade de provincias, tiña entón unha gran vitalidade cultural.

-Si, alí estaba o mundo da revista Espadaña. Porque, en efecto, León era daquela a capital da poesía social, a poesía do cambio. Coincidiu ademais coa saída de Hijos de la Ira, de Dámaso Alonso. Aínda que hai que dicir que por aquela época se

estableceu unha pugna entre a revista madrileña Garcilaso e a liña dura e combativa de Espadaña.

-¿Como foi o seu encontro con Victoriano Crémere con Antonio González de Lama?

-Ben, foi unha amigala que levou uns poemas meus á biblioteca Azcárate, onde estaba Antonio G. de Lama. Ó volver díxome: "Hai alí un poeta novo, coma ti, un tal Eugenio de Nora, que se puxo a ler un poema teu, ese que empeza: 'traedla pronto, arcánxeles o trenes'. Esa asociación tan surrealista gustoulle moito: di que quere coñecerte".

-Victoriano Crémer é un escritor fundamental. Quizais un pouco esquecido, ¿non?

-Pode que nonlles ensinara ben ós mozos quen foi Crémer. E quen é: porque cos seus 91 anos está mellor que nunca.

-Vostede, polo que vexo, afíxose á vida en Madrid.

-Ben, é onde se coce case todo. Pero min a central está en León, que é onde teño máis libros e máis papeis. A de Madrid é a sucursal. Eu cheguei aquí no 64. Pero non deixei de moverme nunca. Non esquezas que teño ata un negocio de electrodomésticos. De bombillas. E sempre pensei, como xa dixen, que se escribía mellor despois de vender bombillas que despois de vir de dar clase e explicar a Góngora, por exemplo. Relaxábame moito o negocio, mira. Logo claro, Madrid tiña os faladoiros, o café Gijón... Había que estar aquí.